

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

CENTRO: CEIP AMOR RUIBAL - EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA- DATA: MAIO 2020

## **ÍNDICE:**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

## 1.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

EDUCACIÓN FÍSICA <b><u>CURSO PRIMEIRO</u></b> -3º TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB2.1.1.Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.</li><li>▪ EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.</li></ul>	PARTICIPACIÓN,ACTITUDE, HÁBITOS E COMPORTAMENTO INDIVIDUAL. B2.1.Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais..
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos</li><li>▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.</li><li>▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas.</li></ul>	DESENVOLVEMENTO MOTRIZ.  B3.1.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li><li>▪ EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.</li></ul>	AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.</li></ul>	COMPETENCIA DIXITAL B1.2.Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TICs.

<p style="text-align: center;">EDUCACIÓN FÍSICA <b>CURSO SEGUNDO</b>-3º TRIMESTRE</p>	
<p style="text-align: center;">Estándares de aprendizaxe</p>	<p style="text-align: center;">CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> <li>▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>	<p>PARTICIPACIÓN,ACTITUDE, HÁBITOS E COMPORTAMENTO INDIVIDUAL.</p> <p>B2.1.Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.</li> <li>▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.</li> <li>▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas.</li> </ul>	<p>DESENVOLVEMENTO MOTRIZ.</p> <p>B3.1.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.</li> </ul>	<p>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL</p> <p>B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</li> </ul>	<p>COMPETENCIA DIXITAL</p> <p>B1.2.Buscar e presentar información e compartila utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso e apoio á área.</p>

<p style="text-align: center;">EDUCACIÓN FÍSICA <b>CURSO TERCEIRO-3º TRIMESTRE</b></p>	
<p style="text-align: center;">Estándares de aprendizaxe</p>	<p style="text-align: center;">CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> <li>EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> </ul>	<p>PARTICIPACIÓN, ACTITUDE, HÁBITOS E COMPORTAMENTO INDIVIDUAL.</p> <p>B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.</li> <li>▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</li> <li>▪ EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas, seguindo unha coreografía básica.</li> </ul>	<p>DESENVOLVEMENTO MOTRIZ.</p> <p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> <li>▪ EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<p>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL</p> <p>B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</li> </ul>	<p>COMPETENCIA DIXITAL</p> <p>B1.2. Buscar e presentar información e compartila utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso de apoio à área.</p>

<p style="text-align: center;"><b>EDUCACIÓN FÍSICA</b> <b><u>CURSO CUARTO</u>-3º TRIMESTRE</b></p>	
<p style="text-align: center;">Estándares de aprendizaxe</p>	<p style="text-align: center;">CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</li> <li>▪ EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.</li> <li>▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.</li> </ul>	<p>PARTICIPACIÓN,ACTITUDE, HÁBITOS E COMPORTEAMENTO INDIVIDUAL.</p> <p>B2.1.Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> <li>▪ EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.</li> <li>▪ EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas, seguindo unha coreografía básica.</li> <li>▪ EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.</li> <li>▪ EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</li> </ul>	<p>DESENVOLVEMENTO MOTRIZ.</p> <p>B3.1.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> <li>▪ EFB5.2.3. Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.</li> </ul>	<p>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL</p> <p>B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando o a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</li> </ul>	<p>COMPETENCIA DIXITAL</p> <p>B1.2.Buscar e presentar información e compartila utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso e apoio da área.</p>

<p style="text-align: center;">EDUCACIÓN FÍSICA <b>QUINTO CURSO</b>-3º TRIMESTRE</p>	
<p style="text-align: center;">Estándares de aprendizaxe</p>	<p style="text-align: center;">CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.</li> <li>▪ EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</li> </ul>	<p>PARTICIPACIÓN,ACTITUDE, HÁBITOS E COMPORTAMENTO INDIVIDUAL.</p> <p>B2.1.Valorar,aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>
<p>EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas , seguindo unha coreografía básica.</p> <p>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.</p> <p>EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</p>	<p>DESENVOLVEMENTO MOTRIZ.</p> <p>B3.1.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.</li> <li>▪ EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</li> </ul>	<p>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL</p> <p>B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando o a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> </ul>	<p>COMPETENCIA DIXITAL</p> <p>B1.2.Extraer e e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso de apoio á área.</p>

<p style="text-align: center;">EDUCACIÓN FÍSICA <b>SEXTO CURSO</b>-3º TRIMESTRE</p>	
<p style="text-align: center;">Estándares de aprendizaxe</p>	<p style="text-align: center;">CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</li> <li>▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<p>PARTICIPACIÓN,ACTITUDE, HÁBITOS E COMPORTAMENTO INDIVIDUAL.</p> <p>B2.1.Valorar,aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> <li>▪ EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas, seguindo unha coreografía establecida.</li> <li>▪ EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.</li> <li>EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</li> </ul>	<p>DESENVOLVEMENTO MOTRIZ.</p> <p>B3.1.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.2.3.Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</li> </ul>	<p>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL</p> <p>B5.2 Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando o a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> </ul>	<p>COMPETENCIA DIXITAL</p> <p>B1.2.Extraer e e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso de apoio á área.</p>

## **2.AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

Os **procedementos e instrumentos de avaliación** :

- I. Observación sistemática NA AULA VIRTUAL: REXISTRO DE OBSERVACIÓN COS ITEMS:
  1. Non participa.
  2. Participa ás veces.
  3. Participa moitas veces.
  4. Participa en todas as actividades.
  
- II. Intercambio mensaxe/ tarefa ou foro: Avaliación continua a partires de intercambios de mensaxes, tarefas ou uso do foro (ou contacto coa familia en algún caso).

A **cualificación final**, obterase co procedemento de facer a media entre as cualificacións correspondentes ao primeiro e segundo trimestres e a valoracións das actividades desenvolvidas no 3º trimestre que contarán para subir a nota media, se fose o caso, pero nunca baixaría a nota.

O alumnado con materias pendentes, avaliaríase do mesmo xeito, segundo os estándares e competencias imprescindibles, atendendo as anteriores avaliacións, e sempre considerando que a 3ª avaliación só pode repercutir positivamente, valorándose se acadou os mínimos para superar a materia pendente.

## **3.METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO E NO SEU CASO AMPLIACIÓN).**

**As actividades físicas propostas** pódense realizar dentro das vivendas do alumnado, pois necesitan un espazo reducido e parte delas son un conxunto variado de xogos e exercicios físicos nos que non é necesario o uso da internet e outras actividades físicas que teñen como guía contidos atopados na internet, fundamentalmente sesións de exercicios físicos e de



ximnasia para nenos e nenas, cancións motrices e coreografías de cancións actuais e tradicionais, fomentando tamén a creatividade para que elaboren os seus propios xogos e actividades físicas baseándose nas propostas anteriores.

**Metodoloxía :** A Educación física neste curso ten un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes, tentamos empregar metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado e a resolución de problemas.

Alumnado con conectividade: As actividades estarán a súa disposición a través da “Aula virtual” .

Alumnado con baixa ou escasa conectividade: ante as dificultades de algunhas familias con equipamento tecnolóxico moi limitado propoñemos tamén múltiples xogos e actividades físicas para realizar sen material ou con obxectos de uso común e que non necesitan a conexión a internet, ese conxunto de actividades sería proporcionadas en soporte escrito a través do Concello.

**Materiais e recursos:** O espazo físico no que os alumnos desenvolven as actividades é reducido, dentro das vivendas na maioría dos casos, o que condiciona o seu traballo, polo que tan só poden utilizar o propio mobiliario e obxectos da casa (unha papeleira, alfombra, etc..) e outro material como globos, balóns de praia, botes de iogur, bolas de espuma, papel, cartón, etc,..Trataremos polo tanto de potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, utilizando a canle da “Aula Virtual”, con recursos na internet e fichas con múltiples xogos e actividades físicas que non necesitan conectividade.

#### **4.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

**A información ao alumnado e ás familias** será a través da páxina web do centro e Abalar.

**Publicación:** realizarase na páxina web do centro.